



Guía Docente				
Datos Identificativos			2020/21	
Asignatura (*)	Practicum II		Código	652G02034
Titulación				
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	36
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos	Para matricularse no Practicum II é necesario ter superados 120 créditos e mais o Practicum I			
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en EducaciónPedagogía e DidácticaPsicoloxía			
Coordinación	Duran Bouza, Montserrat		Correo electrónico	montserrat.duran.bouza@udc.es
Profesorado	Arufe Giraldez, Victor		Correo electrónico	v.arufe@udc.es
	Bugallo Rodríguez, Ánxela			anxela.bugallo@udc.es
	Carballal Miñan, Patricia			patricia.carballal@udc.es
	Carretero García, Miriam			miriam.carretero@udc.es
	Chao Fernández, Aurelio			aurelio.chao@udc.es
	Duran Bouza, Montserrat			montserrat.duran.bouza@udc.es
	Gabriel Fernandez, Narciso de			narciso.de.gabriel@udc.es
	Garcia Barros, Susana			susana.gbarros@udc.es
	Lorenzo Castiñeiras, Juan J.			j.lorenzo.castineiras@udc.es
	Losada Puente, Luisa			luisa.losada@udc.es
	Magdalena Vidal, Maria Victoria			victoria.magdalena@udc.es
	Naya Riveiro, Maria Cristina			cristina.naya@udc.es
	Pardo de Neyra Fernández-Couso, Xulio			xulio.pardodeneyra@udc.es
	Rivadulla López, Juan Carlos			juan.rivadulla@udc.es
	Rodicio Garcia, Maria Luisa			m.rodicio@udc.es
	Rodríguez Llorente, Carolina			carolina.rodriguez.llorente@udc.es
	Rosa Napal, Francisco César			francisco.rnapal@udc.es
	Santamaría Recio, María Celina			celina.santamaria@udc.es
Suarez Brandariz, Roberto		r.sbrandariz@udc.es		
Torre Fernandez, Enrique de la		enrique.torref@udc.es		
Vieites Lestón, Tania		t.vieites@udc.es		
Web	www.educacion.udc.es/index.php?pagina=practicum			



Descrición xeral	CORREO-E: practicum.educacion@udc.es CRÉDITOS E PRESENCIALIDADE Dos 36 créditos da materia (900 horas), o 48,8% son de carácter presencial (440 horas) e o 51,2% de carácter non-presencial ou de traballo autónomo (460 horas). Das 440 horas de carácter presencial, 420 horas desenvolveranse nas institucións colaboradoras (30 horas semanais), e as 20 horas restantes dedicaranse a sesións informativas e formativas, así coma a titorías na Facultade. O Practicum II constitúe a única materia a cursar no primeiro cuadrimestre do cuarto curso. CONTEXTUALIZACIÓN No curso 2009/10 iniciabamos o proceso de implantación duns novos plans de estudo acordes cos requirimentos do Espazo Europeo de Educación Superior, posto en marcha no ano 1999 coa Declaración de Bolonia. Esta declaración salientaba a importancia de reforzar o trínomo investigación-innovación-educación, para o que se propoñía como un fin básico mellorar a formación nos contextos das diferentes prácticas profesionais que a nosa lexislación recolle do seguinte xeito: ¿Os títulos de grao teñen como finalidade a obtención por parte do alumnado dunha formación xeral, nunha ou varias disciplinas, orientada á preparación para o exercicio de actividades de carácter profesional? (art. 9.1), de tal maneira que considera a posibilidade de establecer prácticas externas que virían ¿reforzar o compromiso coa empregabilidade dos futuros graduados e graduadas, enriquecer a formación? [e] proporcionar un coñecemento máis profundo acerca das competencias que necesitará? (preámbulo do RD 1393/2007, de 29 de outubro, de ordenación das ensinanzas universitarias oficiais). O propósito central da materia denominada Practicum non será só poñer en relación a formación adquirida cos diferentes contextos profesionais propios da educación do século XXI, para facilitar que o estudantado tome conciencia dos aspectos básicos das prácticas profesionais. Tamén se lle asignará un papel chave na formulación de problemas e cuestións importantes necesarias á hora da investigación, co obxecto de situar a práctica profesional no centro da formación e como elemento para ter en conta na organización do currículo. Trátase de que a reflexión sobre a práctica converta esa experiencia en fonte de aprendizaxe, incrementa a capacidade de aprender con autonomía e potencia a aprendizaxe reflexiva para avanzar na construción do propio coñecemento, tomar decisións, innovar, buscar recursos e traballar en rede, competencias básicas para as novas titulacións de grao que responden ás esixencias da educación do século XXI.
-------------------------	--



Plan de continxencia	1. Modificacións nos contidos Sin modificacións 2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Sin modificacións Se non se puideran completar as horas de estadía no centro, estudarase a situación e seguiranse as indicacións que aparecen no punto terceiro proposto na RESOLUCIÓN REITORAL DO 23 DE MARZO DE 2020 MEDIANTE A QUE SE ADAPTA O PROCEDEMENTO ESTABLECIDO PARA AS PRÁCTICAS CURRICULARES E EXTRACURRICULARES DO ALUMNADO DO CURSO ACADÉMICO 2019/2020 DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA, ÁS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS PREVISTAS PARA ACOMODAR AS ACTIVIDADES ACADÉMICAS Á SUSPENSIÓN TEMPORAL DA ACTIVIDADE DOCENTE PRESENCIAL, así como as RECOMENDACIÓNS DA CONFERENCIA DE DECANOS/AS DE EDUCACIÓN RESPECTO AS PRÁCTICAS EXTERNAS DO ALUMNADO. A proposta de alternativas farase desde o Vicedecanato de Practicum, contando co acordo do profesorado tutor de centro e da facultade así como do alumnado. A proposta presentárase fronte á Comisión de Título para o visto e prace da mesma. *Metodoloxías docentes que se modifican Sin modificacións 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Farase a través do correo electrónico, Moodle e Teams 4. Modificacións na avaliación Sin modificacións *Observacións de avaliación: 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Sin modificacións
-----------------------------	--

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer a organización dos centros en que se imparte educación primaria e a diversidade de accións que comprende o seu funcionamento	A5 A68		
Relacionar teoría e práctica coa realidade da aula e do centro, aplicando un pensamento crítico, lóxico e creativo	A64	B1 B3 B15 B18	C7
Participar na actividade docente e aprender a saber facer, actuando e reflexionando desde e sobre a práctica	A9 A65	B17	C4
Participar nas propostas de mellora nos distintos ámbitos de actuación que se poidan establecer nun centro	A17 A66	B25	C3 C8
Deseñar e planificar unidades didácticas e proxectos de aprendizaxe que atendan ás singularidades educativas do alumnado, á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto dos dereitos humanos e do medio	A15 A16 A17 A18	B4 B5 B14 B16 B18	
Adquirir coñecemento práctico da aula e da xestión de recursos, espazos, tempos e agrupamentos	A11 A61		



Coñecer e aplicar os procesos de interacción e comunicación na aula demostrando as destrezas necesarias para favorecer un clima de aprendizaxe e convivencia	A11 A62 A67	B7	
Desenvolver destrezas e estratexias de seguimento e xestión do proceso de ensino e aprendizaxe en contextos de diversidade	A15 A63	B2	
Coñecer formas de colaboración cos distintos sectores da comunidade educativa e do contorno social, e desenvolver habilidades de traballo colaborativo e autónomo	A20 A22 A68	B4 B5	
Relacionar teoría e práctica coa realidade da aula e do centro, aplicando un pensamento crítico, lóxico e creativo	A64	B1 B3 B15 B18 B21 B22 B23	C7
Comportarse con ética e responsabilidade social como profesional dun centro educativo		B6 B7	
Saber elaborar discursos coherentes e organizados, así como expoñer ideas de forma oral e por escrito		B7 B8 B9 B24	C1

Contidos	
Temas	Subtemas
Incidencia da organización das institucións educativas no funcionamento das aulas de educación primaria	- Repercusións na vida das aulas da estrutura e organización do centro - Aspectos do funcionamento do centro a ter en conta á hora da programación docente - Cultura do centro vs. Cultura de aula
A concreción do currículo da educación primaria de acordo coas características dos contextos e das culturas dos destinatarios	- Grao de coherencia e contextualización dos diferentes documentos do centro: Decreto de currículo, programación de ciclo e programación de aula. - O currículo como proxecto formativo, integrado e emancipador: as unidades didácticas, os centros de interese, os proxectos de aprendizaxe etc.
A xestión da aula na educación primaria como marco de referencia para un desenvolvemento integral que se constitúa como base da aprendizaxe ao longo da vida	- Principios e procedementos didácticos aplicados nas aulas - A integración das culturas escolares e procesos de comunicación emerxentes nas aulas á hora da intervención - Usos críticos dos recursos e materiais curriculares na educación primaria - A titoría (individual/grupal): organización e funcionamento - A avaliación de aprendizaxes: procedementos e instrumentos
As programacións de aula como ferramenta para o desenvolvemento académico e persoal dos nenos/as na etapa de 6-12 anos	- A programación didáctica e a súa relación con outros documentos institucionais de planificación académica. - A adecuación da programación didáctica aos contextos e necesidades dos nenos, así como as competencias básicas a adquirir na etapa - Medidas de atención á diversidade a desenvolver no contexto da aula - A avaliación da programación como estratexia de mellora da calidade educativa do centro



A reflexión sobre a práctica realizada (observación e intervención), como ferramenta para a innovación e a mellora	- Aspectos do currículo a ter en conta á hora da súa avaliación tanto dende o punto de vista do deseñado coma do desenvolvido - Deseño de técnicas e estratexias de recollida de información para a reflexión sobre a práctica tomando como referencia os discursos dos mestres e dos alumnos - A elaboración de informes científicos portadores de liñas de mellora contextualizadas
--	---

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Saídas de campo	A9 A11 A15 A16 A17 A18 A20 A22 A61 A62 A63 A65 A66 A67 A68 B2 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B14 B16 B18 B24 C1 C3 C4 C7 C8	420	0	420
Seminario	A9 A64 B1 B3 B6 B8 B9 C1	10	0	10
Portafolios do alumno	A9 A64 A66 B3 B4 B8 B9 B15 B16 B17 B18 B21 B22 B23 B24 B25 C1 C3 C4 C7 C8	0	400	400
Eventos científicos e/ou divulgativos	A9 A64 B1 B3 B6 B8 B9 C1	5	3	8
Análise de fontes documentais	A5 A64 B1 B15 B16 B23	0	60	60
Atención personalizada		2	0	2
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Saídas de campo	Constitúen as prácticas pedagóxicas: 420 horas de permanencia na institución educativa durante as cales se realizarán tarefas de observación, análise de casos, colaboración en accións educativas cos profesionais da propia institución, etc. Así mesmo realizarase o deseño dunha unidade didáctica ou proxecto educativo que se desenvolverá e avaliará na súa totalidade, ou en parte, segundo o determine o titor/a da institución.



Seminario	1. Sesión informativa inicial (2 horas). Información xeral para comentar e precisar a Guía docente, así como as pautas de carácter xeral, e orientar o alumnado acerca da súa decisión á hora de elixir institución colaboradora. Tamén se explicarán as funcións das diferentes persoas que van a titorizar o Practicum. 2. Selección de centro (2 horas). 3. Tres seminarios de titoría durante o Practicum co profesorado titor da Facultade (6 horas). - Antes de incorporarse ao centro de prácticas o profesorado de Practicum, na data que se establecer, orientará o alumnado que titoriza cando menos sobre as seguintes cuestións: documentos que debe incluír no portafolios, lecturas imprescindibles e datas de entrega dos traballos solicitados, cronograma dos seminarios e calquera outra suxestión que estime oportuna. - Durante a realización do Practicum terá lugar a posta en común do traballo realizado ata o momento polo alumnado asignado a un/ha mesmo/a titor/a co fin de revisar a planificación proposta, formular e resolver as posibles necesidades e/ou conflitos percibidos. Trátase de seleccionar e analizar conxuntamente situacións ou procesos representativos do decorrer da práctica profesional. Tamén se comentarán os textos ou documentos seleccionados para este fin. - Ao finalizar a estadía no centro, de seguimento para responder as dúbidas do alumnado que se titoriza no tocante aos documentos solicitados.
Portafolios do alumno	Ver documento en Anexos
Eventos científicos e/ou divulgativos	O alumnado asistirá a un evento científico e/ou divulgativo de profesionais e expertos no ámbito da Educación Primaria, que presentarán experiencias innovadoras desenvolvidas nesta etapa educativa. A realización destes eventos dependerá da asistencia do orzamento necesario.
Análise de fontes documentais	Empregaranse documentos bibliográficos relevantes sobre os diferentes contidos a que o Prácticum II dá prioridade, como base para a análise e a reflexión sobre a diversidade de experiencias con que se entre en contacto nas institucións educativas. É imprescindible entender a relación teoría-práctica e atender aos múltiples factores que inciden no desenvolvemento da intervención educativa, co obxecto de favorecer a construción dunha visión crítica das distintas formas de interpretar a realidade educativa. O/a Titor/a da Facultade establecerá as lecturas obrigatorias que considere necesarias para o mellor desenvolvemento do Practicum.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Saídas de campo Seminario Portafolios do alumno Eventos científicos e/ou divulgativos	O titor/a do centro supervisará e orientará o traballo de observación e recollida de información do alumnado durante a súa permanencia no centro. - O/a Titor/a da Facultade realizará un primeiro contacto obrigatorio, previo á incorporación do alumnado ao centro. Este contacto servirá para constatar a recepción da documentación, comunicar a incorporación do alumnado e ultimar os trámites e acordos que foren necesarios. -O/a Titor/a da Facultade realizará os contactos que estime oportunos e necesarios co titor/a do centro durante o período do Practicum para o mellor desenvolvemento do mesmo. Un dos contactos co centro terá obrigatoriamente forma de visita. Alén dos seminarios de seguimento do Practicum, o profesorado titor da Facultade estará dispoñible no horario de titorías.

Avaliación



Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Saídas de campo	A9 A11 A15 A16 A17 A18 A20 A22 A61 A62 A63 A65 A66 A67 A68 B2 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B14 B16 B18 B24 C1 C3 C4 C7 C8	O/a titor/a da institución colaboradora realizará a avaliación da implicación e actuación do alumnado no centro/aula.	40
Seminario	A9 A64 B1 B3 B6 B8 B9 C1	O/a titor/a da Facultade avaliará a participación do alumnado nos seminarios cos seguintes criterios: - Asistencia a todas as sesións presenciais - Calidade das achegas á hora de expresar dúbidas razoables, expoñer ideas enriquecedoras e compartir experiencias de interese etc.	10
Portafolios do alumno	A9 A64 A66 B3 B4 B8 B9 B15 B16 B17 B18 B21 B22 B23 B24 B25 C1 C3 C4 C7 C8	O/a titor/a da Facultade realizará a avaliación do contido do portafolios cos seguintes criterios: - Capacidade de relación teoría-práctica - Dominio conceptual e capacidade analítica - Capacidade para relacionar ideas e accións - Capacidade de argumentar e fundamentar - Expresión escrita propia e claridade expositiva - Capacidade de descrición de escenarios, situacións e accións - Capacidade de autoavaliación e autocrítica - Orixinalidade da proposta	40
Eventos científicos e/ou divulgativos	A9 A64 B1 B3 B6 B8 B9 C1	O/a titor/a da Facultade avaliará a participación do alumnado evento científico e/ou divulgativo cos seguintes criterios: - Asistencia a todas as sesións. - Calidade das achegas á hora de expoñer o contido das diferentes sesións así como a pertinencia e madurez das reflexión persoais ao respecto.	10

Observacións avaliación



a) Requisitos para superar a materia:

- Para aprobar a materia será necesario superar os seguintes elementos da avaliación: prácticas pedagóxicas e portafolios.

b) Elementos da avaliación que se poden recuperar na segunda oportunidade de avaliación (xullo):

- As prácticas non poden recuperarse, polo que a cualificación obtida nas mesmas na oportunidade de xuño, mantense para a oportunidade de xullo. Isto supón que un suspenso nas mesmas na oportunidade de xuño implica a non superación da materia.

- Os seminarios e as xornadas non se poden recuperar, polo que a cualificación obtida nos mesmos na oportunidade de xuño, mantense para a oportunidade de xullo.

- O portafolios pode recuperarse, polo que o alumnado que non supere o portafolios na oportunidade de xuño terá a ocasión de melloralo para a oportunidade de xullo, conservando sempre as cualificacións dos demais elementos da avaliación.

c) Cualificacións:

- A cualificación final será a suma das puntuacións obtidas en cada un dos elementos da avaliación segundo o seu peso respectivo.

- No caso de non superar algunha das partes de obrigatoria superación da materia, a nota final será a nota da parte non superada.

- Non realizar as prácticas pedagóxicas estando matriculado na materia supón un Non Presentado.

- No caso de non presentar o portafolio tendo as prácticas pedagóxicas superadas supón obter como máximo a cualificación de suspenso 4.

-No caso de que os eventos científicos e/o divulgativos non se realizaran por motivos organizativos o dez por cento da cualificación asignada a este apartado se sumará ao portafolio. A asistencia e a calidade das achegas a eventos científicos avalíanse conxuntamente, non podendo estar desvinculados un do outro. Para unha avaliación positiva neste apartado o alumno/a terá que asistir e facer as achegas.

Fontes de información

Bibliografía básica

AGUADO ODINA, T. (coord.) (2010) Diversidad e igualdade en educación. Madrid, UNED. CARBONELL SEBARROJA, J. (2008) Una educación para mañana. Barcelona, Octaedro. CARBONELL SEBARROJA, J. (2009) La vida escolar en un curso: cosas que no sempre se explican. Barcelona, Graó. CASADO ROMERO, A. (2010) Aprender a ser maestro: creencias de los estudantes de Magisterio sobre la interacción en el aula. Cuenca, Universidade de Castela-A Mancha. CAMPS, V. (2008) Creer en la educación. La asignatura pendiente. Barcelona, Península. CASTELLS CUIXART, P. (2011) Tenemos que educar: ideas para acabar con la crisis de autoridade y la mala educación. Barcelona, Península. DOMENECH, J. e GUERRERO, J. (2005) Miradas a la educación que queremos. Barcelona, Graó. ESCUDERO PÉREZ, J. e MARTÍNEZ TEN, L. (coords.) (2011) Ochenta actividades para educar lúdicamente en valores y ciudadanía. Madrid, Los Libros de la Catarata. ESTEVE, O.; MELLEFF, K. e ANSINA, A. (coords.) (2010) Creando mi profesión. Una propuesta para el desarrollo profesional del profesorado. Barcelona, Octaedro. GARCÍA ARETIO, L. (2009) Claves para la educación: actores, agentes y escenarios en la sociedade actual. Madrid, UNED. GIMENO SACRISTÁN, J. (comp.) (2006) La reforma necesaria. Entre la política educativa y la práctica escolar. Madrid, Morata. MAÑU NOAIN, J. (2010) Docentes competentes. Por una educación de calidade. Madrid, Narcea. ORTEGA, R. (coord.) (2010) Agresividad injustificada, bullying y violencia escolar. Madrid, Alianza. PÉREZ SERRANO, G. (2010) Aprender a convivir: el conflicto como oportunidade de crecimiento. Madrid, Narcea. RODICIO-GARCÍA, M. L. e IGLESIAS-CORTIZAS, M. J. (2011) El acoso escolar. Diagnóstico y prevención. Madrid, Biblioteca Nueva. RODRÍGUEZ JARES, X. (2006) Aprender a convivir. Vigo, Xerais. SANCHE GARGALLO, M. et al. (2007) Nuevos retos para convivir en las aulas: construyendo la escuela cívica. Madrid, Fundación Europea Sociedade e Educación. SEGOVIA GARCÍA, N. (2006) Aplicación de las TIC a la docencia. Usos prácticos de las nuevas tecnologías. Vigo, Ideas Propias. SUBIRATS, M. e TOMÉ, A. (2007). Balones fuera: reconstruir los espacios desde la coeducación. Barcelona, Octaedro.



Bibliografía complementaria	CANTÓN MAYO, I. (coord.) (2009) Narraciones de la escuela. Barcelona, Editorial Davinci. CANTÓN MAYO, I. (coord.) (2010) Narraciones de maestros. Barcelona, Editorial Davinci. DíEZ NAVARRO, C. (2003) El piso de abajo de la escuela. Barcelona, Graó. McCOURT, F. (2005) El profesor. Madrid, Maeva. PENNAC, C. (2008) Mal de escuela. Barcelona, Mondadori. SOBRADO, L.; FERNÁNDEZ, E. y RODICIO, M.L. (2012). Orientación Educativa. Nuevas perspectivas. Madrid: Biblioteca Nueva. TONUCCI, F. (1988) Niño se nace. Barcelona, Barcanova. TONUCCI, F. (1989) Cómo ser niño. Barcelona, Barcanova. TONUCCI, F. (1993) La soledad de los niños. Barcelona, Barcanova. TONUCCI, F. (1994) Con ojos de niño. Barcelona, Barcanova. TONUCCI, F. (2003) Cuando los niños dicen ¡Basta! Madrid, Fundación Germán Sánchez Ruipérez.
------------------------------------	---

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Recoméndanse os envíos dos traballos telemáticamente, e de non ser posible, nos documentos impresos non utilizar plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías